

Esta colaboración de Manuel Rivas coa Fundación Meniños deu como resultado un libro solidario que, ademais de ter unha fermosa finalidade, ten tamén un fondísimo contido literario e, así, baixo a forma dunha sinxela historia de procura da esperanza perdida, de estrutura tripartita á maneira tradicional, descubrimos un relato cheo de simbolismo, metáforas de complexidade variable, con varios niveis de lectura artellados a partir dunha linguaxe coidada e refinada, que consegue transmitir grazas ao seu xogo de tons o desasosego provocado polo perda da esperanza por unha banda, e a inocencia, a sinxeleza e a tenrura da infancia que, malia a súa debilidadade, consegue sorrir ante as situacións máis adversas e saír adiante.

Milu é unha nena que, tal e como lle acontece a moitas, un día se decata do abraiante

Volume solidario

Na procura da esperanza

PAULA FERNÁNDEZ

cambio no comportamento dos seus pais. A partir dese intre ela só atopa consolo nun televisor que lle agasalara seu pai. Un aparato co que mantén unha estraña e simbólica relación ao que trata case que como a un boneco. Se cadra, al-

go revelador e significativo, sentirse soa na casa e procurar refuxio e comprensión, poida que tamén evasión, na televisión. Na escola non tardarán moito en darse de conta de que algo pasa e Milu será levada cuns pais de acollida até que os seus pais atopen de volta a esperanza e poidan vivir outra vez con ela.

Dunha maneira un tanto bucólica, sen episodios traumáticos, Rivas describe o proceso do traslado dunha meniña a un centro de acollida. Esta rapaza pasa por diferentes estadios, que parten dunha psudefelicidade inicial para chegar á autén-

tica felicidade do final, nos que se amosa unha madurez pouco común na infancia, que vén dada por numerosas horas dedicadas ao pensamento afastada das actividades máis normais nos cativos.

Traballando por este afastamento do traumático temos varias cuestións. A relación misteriosa coa tv, a tenrura e a delicadeza coa que a escola e os servizos sociais se encargan de Milu e da súa familia e, finalmente, o reencontro final que se encarga de amosar que é posible a conxunción e o entendemento entre a familia biolóxica e a familia de acollida.

Xa que logo, un conto de nenos ilustrado por Aitana Carrasco, con mestría reflectindo na combinación de cores e na sinxeleza de xestos e formas o sentimento que se desprende das palabras do autor, que mostra a maneira de traballar dunha fundación dedicada á protección da infancia, dende a perspectiva dunha nena que sofre pero que non perde a esperanza.

RIVAS, Manuel, Milu (Ilustr. Aitana Carrasco) Ed. Kalandraga, Pontevedra, 2010, PVP 14 €

